

DOCUMENTO ÉTICO

EU ♥ FUTURO
PARA
GALICIA

Dende PODEMOS Galicia facemos noso o documento ético aprobado na Asemblea Cidadá Estatal coñecida como Vistalegre II. Por este motivo, o presente documento é una tradución do estatal que asimilamos como propio de PODEMOS Galicia.

A pertenza a Podemos implica un compromiso ético cos valores centrais da iniciativa que deberán subscribir tódalas persoas que queiran participar nela.

Podemos nace como unha ferramenta para favorecer a participación cidadá e avanzar cara a unidade popular, porque aspira a recuperar a política para poñela ao servizo das persoas.

Podemos é un método: a democracia; polo tanto, promove a participación democrática directa de tódalas persoas nos ámbitos de decisión política, así como na execución das políticas públicas.

OS NÓSOS COMPROMISOS

Como persoa integrante de Podemos comprométome a:

- I Defender o respecto e a aplicación da Declaración Universal dos Dereitos Humanos nos ámbitos social, político e institucional do noso país, para avanzar cara a resolución pacífica dos conflitos e rexeitar, por tanto, calquera tipo de violencia.
- II Promover a participación directa e en igualdade de condicións de toda a cidadanía nos espazos de adopción de decisións e nos ámbitos de execución das políticas públicas.
- III Traballar a favor da recuperación da soberanía popular e democrática.
- IV Promover a igualdade, tanto na sociedade como dentro de Podemos, e loitar contra calquera forma de racismo, xenofobia, machismo ou exclusión por identidade de xénero ou orientación sexual. Neste sentido, Podemos defende unha política de tolerancia cero ante calquera expresión ou comentario machista, homóforo ou xenóforo en calquera dos seus espazos de participación. Ademais, promove a participación política das mulleres no partido, atendendo en particular as necesidades de conciliación de cada persoa que participe en Podemos a partir do compromiso explícito nos regulamentos e protocolos da organización de atender as devanditas necesidades e, igualmente, cando cumpra no exercicio da súa función pública.
- V Velar para que a participación en Podemos sexa sempre libre, voluntaria e aberta a todas as persoas que, con independencia do seu status civil ou social, compartan a defensa da Declaración Universal de Dereitos Humanos e o método democrático de participación cidadá e directa.

VI Debater con honestidade e respectar tódalas opinións, un obxectivo para o cal se tentará sempre fomentar o diálogo e a procura de consensos.

A xestión política funcional dos órganos de Podemos debe atender a protocolos de respecto, lealdade e comprensión, sendo necesario e fundamental que dita xestión teña un claro enfoque feminista, segundo recóllese no documento de igualdade.

Considerarase como infracción grave dificultar pola forza ou baixo coacción o normal desenvolvemento da orde do día en asembleas ou reunións de traballo, así como impedir o uso da palabra a quen estivese facendo lexítimo uso dela, insultar, mofarse ou usar unha linguaxe despectiva nas redes sociais.

VII Esixir e respectar que a elección de candidatos ou candidatas a calquera institución de representación política (cámaras municipais, deputacións provinciais, parlamentos autonómicos, Congreso dos Deputados, Senado, Parlamento Europeo ou calquera outra) se leve a cabo mediante eleccións primarias abertas a toda a cidadanía, sen prexuízo dos espazos de confluencia con outras organizacións ou coa sociedade civil, e con listas abertas que se corraxirán mediante criterios de xénero a condición de que dita corrección non implique a diminución da representatividade no caso das mulleres, é dicir, listas cremalleira abertas e con corrección de xénero para impedir que o resultado da votación prexudique a representación das mulleres. Rexeitar o transfuguismo e velar para que ningún cargo electo poida formar parte dos órganos de Podemos se previamente non foi elixido para desempeñar tal función nun proceso de primarias abertas e participadas pola cidadanía.

Participar nas primarias de Podemos con total respecto ao sistema de votación. No réxime sancionador dos Estatutos do partido incluíranse como falta moi grave o fraude electoral, a promoción, a indución ou a cooperación para falsear os censos electorais ou o resultado de calquera votación ou consulta.

VIII Esixir e respectar que calquera pacto –previo ou posterior a unhas eleccións– con calquera outra formación política sométase á aprobación democrática mediante unha consulta aberta a todos os inscritos e todas as inscritas en Podemos en todos os ámbitos territoriais de representación.

- IX** Esixir e respectar que calquera cargo electo sexa, ao longo de todo o seu mandato, un mero representante obrigado a vincular as súas decisións ao método aberto e democrático de participación. Este compromiso significa que os cargos electos de Podemos que se atopen inmersos nun proceso de revogación interna (conforme á consulta á asemblea territorial correspondente) deberán aceptar a vontade das persoas inscritas na organización, incluída a renuncia ao acta no caso dos cargos públicos.
- X** Impedir que Podemos participe de produtos bancarios de débeda no relativo á súa xestión económica. Por tanto, exclúese expresamente calquera posibilidade de financiamento bancario.
- XI** Construír Podemos como plataforma para garantir que a política deixa de ser unha actividade ao servizo de intereses privados. Con este fin, todos os cargos electos e todos os cargos internos de Podemos aceptarán:
- A. A limitación salarial que se estableza con carácter xeral para cada nivel de representación, asumindo a obriga de render contas publicamente e coa consecuente aceptación do compromiso de total transparencia no relativo aos seus ingresos (por calquera concepto) e á xestión do seu patrimonio, tanto ao longo do exercicio da súa actividade como ao final dela.
 - B. A limitación para o exercicio de máis dunha función pública ou de máis dun cargo interno de Podemos, salvo aquelas funcións vinculadas á súa condición de cargo institucional ou orgánico ou responsabilidades locais sen retribución, e en todo caso conforme sempre ás limitacións salariais establecidas polo partido. Todos os membros de Podemos aceptarán a limitación salarial xenérica de tres salarios mínimos interprofesionais (SMI), que se obterán pola totalidade das súas funcións en postos profesionais, de elección, de representación ou nomeamentos derivados directa ou indirectamente da súa pertenza a Podemos.
 - C. A renuncia a calquera privilexio xurídico ou material derivado de forma directa da condición de representante e, desde a responsabilidade como cargo público, ao acollemento a calquera figura de aforamento xudicial.

- D. O compromiso de inhibirse na toma de decisións e de absterse de optar a cargos electos co obxectivo de representar intereses persoais, económicos ou políticos alleos aos que correspondan en cada caso ao cargo electo en cuestión. O réxime de incompatibilidades que desenvolverá o Consello Cidadán terá por obxectivo garantir este punto en termos non só éticos senón tamén normativos; en calquera caso, recollerá a restrición do dereito ao sufraxio pasivo para optar a cargos internos ou de representación pública a aqueles que sexan membros ou afiliados, ou o foran nun pasado inmediato, doutras organizacións políticas cuxa acción pública ou institucional sexa diverxente dos obxectivos políticos de Podemos segundo declaración expresa dos nosos órganos políticos de ámbito estatal, autonómico, insular ou municipal.
- E. O compromiso de renuncia ao cargo público, ao cargo interno ou a calquera candidatura aos devanditos cargos en caso de ser procesado ou condenado polas faltas ou os delitos que se determinarán no regulamento que para ese efecto publicará a Comisión de Dereitos e Garantías, e que en calquera caso incluírá sempre os delitos de corrupción, os económicos, o acoso sexual, as violencias machistas, a pederastia e os malos tratos infantís, así como os delitos contra os dereitos dos traballadores e as traballadoras, os ecolóxicos e os urbanísticos.
- F. Evitar a contratación pública con empresas nas que o membro de Podemos ou os seus familiares poidan ter algún tipo de interese económico.
- G. A limitación de mandatos a oito anos para todos os cargos públicos e cargos internos do partido, con posibilidade de prorrogarse excepcionalmente a un máximo de doce anos.
- H. Impulsar o laicismo, para o que se promoverá un sistema democrático fundado na liberdade de conciencia (é dicir, sen apoiar ningún culto nin ningunha relixión).
- I. A obriga de defender o proxecto para o que os cargos foron elixidos, de fomentar a participación democrática da cidadanía e de aceptar os procedementos revogatorios dos cargos públicos por decisión dos inscritos e as inscritas en Podemos.

- J. A obriga dos cargos de Podemos de escoitar a todas as partes implicadas nun asunto e buscar o expertos, a sociedade civil e os colectivos afectados, respectando sempre a autonomía destas organizacións.
- K. O deber dos cargos públicos de informar sobre as súas propostas, acordos e votacións á cidadanía e aos medios de comunicación. E o compromiso de responder tanto politicamente como de xeito organizativo, no exercicio da súa responsabilidade, ante os órganos acordados conxuntamente por Podemos e as diferentes estruturas doutros partidos ou organizacións de calquera ámbito territorial, tanto político como institucional.

XII Ademais, todas as persoas titulares de cargos designados por Podemos en calquera órgano das Administracións Públicas ou de calquera dos seus entes instrumentais deberán aceptar:

- A. O desempeño das funcións para as que foron designadas con lealdade á cidadanía, con sinxeleza, con moralidade e con transparencia, velando polo bo uso dos bens públicos e por unha xestión dos recursos públicos baseada nos principios de eficiencia, equidade e eficacia, fomentando a participación e o empoderamento da cidadanía (para que esta busque a resolución dos problemas por si mesma desde a acción política), a mellora da eficiencia das organizacións impulsando a súa vertente social, o comercio xusto, a economía colaborativa, a protección do medio ambiente, o desenvolvemento sustentable, a protección dos animais e a creación dunha conciencia social de cooperación, e rexeitando sempre os comportamentos autoritarios e as actitudes antidemocráticas.
- B. A renuncia a calquera privilexio xurídico ou material derivado de forma directa da súa condición e ao acollemento a calquera figura de aforamento xudicial.
- C. A limitación salarial que se estableza con carácter xeral para cada nivel de responsabilidade, sen que poida superarse en ningún caso o soldo máis alto que perciba o nivel do grupo funcional ou laboral para o que estean capacitados en función do título esixido para o ingreso (A1, A2, B, C1 e C2) en cada Administración Pública, salvo no concernente ás cotizacións por desemprego.

- D. A renuncia, nas Administracións Públicas e nas empresas públicas, a percibir un salario superior aos recolleitos no convenio colectivo ou no réxime retributivo do resto de persoas empregadas sen percepción de complementos ou conceptos retributivos diferentes. Non haberá privilexios de ningún tipo, soamente os dereitos derivados do convenio colectivo, que lles será integramente de aplicación.
- E. A renuncia para cobrar soldos ou remuneracións, calquera que sexa a súa denominación, pola pertenza –derivada do exercicio das súas funcións públicas– aos consellos de administración dalgún ente ou organismo público.
- F. A renuncia a calquera plan ou fondo de pensión que calquera Administración Pública puidese contratar, á marxe da que teñan dereito os empregados públicos. Non haberá máis dereitos en materia de xubilación con cargo aos fondos públicos que os establecidos na Seguridade Social, en Clases Pasivas do Estado ou aqueles que a Administración Pública teña contratados para os seus empregados públicos.
- G. A obriga de non realizar gastos superfluos dos fondos públicos e de moderar os custos de transporte e de aloxamento, para o que se deberán axustar ás dietas e ás indemnizacións establecidas para o persoal funcionario ou laboral. En caso de precisar indemnizacións por razón de desprazamento, aloxamento ou manutención, non poderán superar as establecidas normativamente para o persoal funcionario ou laboral nin, no caso das empresas públicas e os organismos asimilados, as que cobra o seu persoal por convenio colectivo. Renunciarán ás dietas de altos cargos da Administración.
- H. A obriga de non percibir ningunha remuneración nin cesantías de ningún tipo unha vez finalizada a súa designación no cargo. Quen con anterioridade ao cargo fosen titulares dun emprego público retomarán con carácter definitivo o último posto do que fosen titulares definitivos ou outro posto equivalente en termos de salario, dedicación, área de actividade e localidade, debendo incorporarse a el nos prazos previstos para a toma de posesión nos procesos de provisión de postos de traballo. Quen non fosen titulares dun emprego público cobrarán a prestación por desemprego que lles corresponda.

- I. A obriga a renunciar, por parte das persoas titulares de altos cargos, á asignación dun vehículo oficial de carácter permanente, agás cando os Corpos e Forzas de Seguridade do Estado así o recomenden expresamente por razóns de protección persoal. En calquera outro caso, o uso de vehículos oficiais só poderá facerse cando sexa imprescindible para o servizo público, na forma e condicións similares ás do resto do persoal e en ningún caso utilizaranse para desprazamentos ao domicilio propio ou familiar ou outros usos non vinculados ao estritamente necesario para o exercicio das funcións públicas. No posible, darán exemplo facendo uso de medios de transporte colectivos ou outros medios de transporte respectuosos co medio ambiente.
- J. A obriga de non percibir cobro en especie de ningún tipo e, en especial, ningunha axuda ao aluguer cando se dispoña de residencia continuada – ben por aluguer ou por compra–na localidade (ou nos seus arredores) onde se atopa a sede na que exercen as súas funcións públicas. No caso de que non tivesen residencia na localidade do centro de traballo e tivesen que percibir esta axuda, o montante deberá estar xustificado e a vivenda será digna e adecuada ás necesidades da súa familia.
- K. Respetar o deber de abstención previsto na lexislación vixente.
- L. O compromiso, por parte dos cargos públicos designados por Podemos, de democratizar o exercicio das súas funcións, de dar un trato humano e digno á cidadanía (especialmente a quen teña menos recursos económicos, sociais ou culturais) e de escoitar a todas as persoas que o soliciten, sen que tal obriga poida ser delegada no persoal baixo a súa dependencia.
- M. O deber de impulsar, por parte das persoas titulares de cargos públicos, a participación do persoal no desempeño da súa misión, o seu empoderamento e a mellora da organización pública ao seu cargo, para o que fomentará a asunción de responsabilidades e proporcionará o recoñecemento público ao persoal ao seu cargo polo bo desenvolvemento das súas funcións. Os cargos públicos comprometeranse a avaliar de forma obxectiva o desempeño do persoal ao seu cargo, a combater calquera forma de discriminación e a perseguir o acoso laboral. Promoverán a mellora do clima laboral, a prevención de riscos laborais no seu ámbito, a mellora das condicións de traballo e o respecto ambiental.

Do mesmo xeito, promoverán a cultura da mellora da xestión pública orientada á cidadanía, fixarán o obxectivo da organización ao seu cargo de acordo cos plans e programas previstos, e difundirán os valores éticos e democráticos para o seu logro, polo que deberán perseguir con firmeza calquera signo ou indicio de fraude ou corrupción. Periodicamente someteranse a avaliacións de xestión e liderado.

N. A obriga de velar para que nas áreas de traballo que estean baixo a súa responsabilidade crese un clima e unha cultura administrativa de transparencia, rendición de contas e portas abertas á cidadanía. Para iso, rexeitaranse comportamentos autoritarios e non democráticos.

- XIII** Todo cargo público de Podemos ten o deber e a obriga de denunciar á xustiza as ilegalidades que se atope durante o exercicio do seu cargo.
- XIV** Os membros de Podemos que teñan responsabilidades laborais deberán traballar para garantir o respecto dos dereitos das persoas que están baixo a súa responsabilidade, para o que establecerán na medida do posible protocolos públicos de contratación que fomenten a igualdade e a capacidade, actuando decididamente contra a desviación de poder na contratación e tentando propiciar nos seus ámbitos de decisión un clima laboral de respecto e responsabilidade que permita actuar de forma decidida contra as situacións de discriminación e acoso no traballo.
- XV** Protexer o cumprimento do Código Ético de Podemos. O incumprimento dos principios recollidos no Código Ético aprobado será considerado como infracción moi grave.

Subscribo este compromiso en liberdade, entendendo todos e cada un dos puntos que aquí se sinalan e asumindo a súa defensa como a mellor garantía para a construción dunha sociedade máis xusta na que todas as persoas seamos libres.

EU ♥ FUTURO
PARA
GALICIA